

O presumível galego extenso de Gregorio de Lobariñas Feijó¹

Gregorio de Lobariñas Feijó and his presumed extensive Galician

Ramón Mariño Paz²



ramon.marino.paz@usc.gal

² Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

Gregorio de Lobariñas Feijó (ca. 1577 – ca. 1637) foi un clérigo que escribiu en galego unha *Historia de Galicia* que recibiu a preceptiva licenza de publicación en 1626 mais nunca chegou á imprenta e acabou perdéndose. Recentemente foi tamén identificado como o autor da copia manipulada e lingüisticamente modernizada da *Crónica de Santa María de Iria* (séc. XV) que está depositada na Biblioteca Apostólica Vaticana (Barb. Lat. 3578). Neste artigo mostro que existen indicios consistentes que permiten afirmar que o reino de Galicia cuxa historia relatava Lobariñas na primeira destas dúas obras era o reino altomedieval anterior á independencia portuguesa (1139), que abranguíu o norte de Portugal. Mostro tamén que se pode presumir que Lobariñas pensaba que en todo este territorio ibérico noroccidental se falaba unha mesma lingua, un galego extenso.

Editores Xefes

Marcus Dores
Célia Lopes

Recibido: 21/11/2024

Aceptado: 04/12/2024

Como citar:

MARIÑO PAZ, Ramón.
O presumível galego extenso de Gregorio de Lobariñas Feijó. *Revista LaborHistórico*, v.11, n.2, e66225, 2025. doi: <https://doi.org/10.24206/lh.v11i2.66225>

¹ Este traballo realizouse no marco dos proxectos Patrimonio textual da Galicia medieval (Instituto da Lingua Galega, USC) e Escritorio Galego-Portugués Antigo (Instituto da Lingua Galega, USC / Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC-Xunta de Galicia / Universidad de Alcalá / UNED). Presentei algúns aspectos del na conferencia titulada “A lingua galega de Gregorio Lobariñas. Conxecturas e certeza”, pronunciada no marco do *IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico* (Universidade de Santiago de Compostela, 3 e 4 de outubro de 2024) e non publicada. Esta conferencia inédita foi revisada e modificada a fondo para a súa publicación na revista *LaborHistórico*, con supresións e adicións de importancia. Agradezo a José Antón Souto Cabo a lectura do texto con que me axudou a melloralo.

Palabras chave

Galego extenso. Portugués. Século XVII.

Abstract

Gregorio de Lobariñas Feijó (ca. 1577 – ca. 1637) was a cleric who wrote in Galician a *History of Galicia* that received the prescriptive license for publication in 1626 but never reached the printing press and was finally lost. Recently he was also identified as the author of the manipulated and linguistically modernized copy of the *Chronicle of Santa Maria de Iria* (15th century) which is deposited in the Vatican Apostolic Library (Barb. Lat. 3578). In this article I explain that there are consistent indications that allow us to affirm that the kingdom of Galicia whose history Lobariñas recounted in the first of these two works was the medieval kingdom prior to Portuguese independence (1139), which included the north of Portugal. I also explain why it can be presumed that Lobariñas thought that the same language, an extensive Galician, was spoken throughout this northwestern Iberian territory.

Keywords

Extensive Galician. Portuguese. Seventeenth Century.

1. Gregorio de Lobariñas Feijó e a súa obra

A persoa de quen falo neste artigo foi un clérigo que naceu en terras do actual concello galego de Crecente arredor de 1577 e morreu no mesmo lugar uns sesenta anos despois, por volta de 1637³. Este concello está situado na beira norte do río Miño, no recanto sudoriental da que desde 1833 é a provincia de Pontevedra. En fronte del, xusto da outra banda do curso fluvial fronteirizo, sitúanse a vila e o municipio portugueses de Melgaço.

Fillo de pais non nobres, mais si dotados de recursos económicos suficientes, Gregorio de Lobariñas fixo estudos universitarios en Salamanca, onde parece ser que na década de 1590 coñeceu e tivo trato con Lope de Vega, o famosísimo poeta e dramaturgo madrileño do Século de Ouro español, e escribiu *Pastores de Tormes*,

³ Para unha cumprida información sobre a vida de Gregorio de Lobariñas Feijó remito o lector ás seguintes obras: BOUZA, F. Dar Galicia y el gallego a la imprenta. As Galegadas y A História de Galicia de Lobariñas Feijoo, la Verdadera descripción de Ojea y algunas iniciativas historiográficas de la primera mitad del siglo XVII. *Obradoiro de Historia Moderna*, 18, p. 9-44, 2009; RAMOS RODRÍGUEZ, P. Os Lobariñas Feixoo. Luz e memoria nos Séculos Escuros. Allariz: Aira, 2023; e MARIÑO PAZ, R.; SOUTO CABO, J. A. De Rui Vasques a Gregorio de Lobariñas Feijó. *Venturas e desventuras do Libro dos bispos de Yrea e Santiago*. Madrid: Sílex, 2024.

unha novela pastoril nunca publicada, e mais o soneto “Ninfas del Sil”, dado ao prelo por primeira vez en 1607.

Exerceu como cura racioneiro da vila de Crecente e do Arrabal polo menos desde 1601, e no ano 1610 foi nomeado comisario da Inquisición en Galicia. Entre 1623 e 1627 sostivo un preito con Antonio Rodríguez Pereira, cura racioneiro da Ribeira de Crecente con quen sostíña unha vella inimizade e que no decurso dunha disputa con agresións físicas que mantiveron o 2 de abril de 1623 lle chamou —a el, que era comisario da Inquisición— “neto dun sambenitado”, é dicir, neto dunha persoa condenada por esa mesma institución. A inxente documentación que xerou este proceso xudicial, custosísimo para as dúas partes, contense nun longo e encerrado expediente que está depositado no Archivo Histórico Nacional de Madrid⁴. Durante os catro anos que durou a disputa Gregorio sufriu pena de prisión en Tui e Santiago, mais non sen se beneficiar de diversos permisos para ausentarse e mesmo incorrendo en frecuentes quebrantamentos da pena.

Nos últimos anos da súa vida traballou nunha obra que deixou rematada pouco antes de morrer: a *Historia de los Santos de Galicia*, tamén coñecida como *Topografía sacra de Galicia* ou *Topografía de los santos de Galicia*. Non chegou nunca a publicarse, mais si deberon de correr profusamente copias manuscritas dela, pois foron moitos os historiadores que a citaron xa desde o século XVII, como mostrou Ramos Rodríguez (2023, p. 73-91).

Polo contrario, ata tempos moi recentes a desventurada historia do seu manuscrito orixinal deixou sepultada no esquecemento outra obra deste autor que para a historia da lingua galega se reviste de especial relevancia⁵, xa que, nun tempo en que era moi pouco o que se escribía en galego, esa obra, que era unha historia de Galicia, foi redactada neste idioma. Trátase dun libro que parece ser citado con tres títulos diferentes noutros tantos textos do século XVII que hoxe en día coñecemos. Está, para empezar, a solicitude de autorización para publicalo que o mesmo Gregorio de Lobaríñas presentou ao Consejo Real de Castilla o 4 de maio de 1616, onde chamaba á súa obra *As Galegadas*:

Gregorio de Louariñas Feyjoo, racionero de la villa de Crescente y su arrabal, en el Reyno de Galizia, digo que yo he compuesto con mucho estudio y trabajo un libro que se intitula As Galegadas que contiene, en lengua gallega, el origen de aquel reyno, prosiguiendo por los reyes y señores que le gobernaron, desde el diluvio general hasta la venida de nuestro señor Jesu Christo, con otras antigüedades dignas de saberse (Archivo Histórico Nacional (Madrid), Consejos, Leg. 45027).

⁴ Archivo Histórico Nacional (Madrid), Inquisición, 2145, Exp. 1.

⁵ O relato desta desventurada historia faino Ramos Rodríguez, op. cit., p. 47-71, 99-123, 131-151.

Está despois a decisión aprobatoria de 1626, que chegou como resposta á segunda solicitude de Lobariñas. Houbo, en efecto, unha segunda demanda, porque, denegada a licenza que pedira en 1616, o autor volveu a intentalo dez anos máis tarde, e desta vez si tivo éxito. Mais, iso si, o censor que naquela ocasión asinou a resolución favorábel chamoulle á obra non *As Galegadas*, senón *Historia de Galicia*:

Licencia al dicho Gregorio de Lobariñas Feyjo, clérigo beneficiado de la villa de Crescente, para que pueda imprimir un libro que ha compuesto intitulado Istoria de Galiçia desde o funduza (*sic*) hasta la benida de nuestro señor en lengua propia y natural gallega y privilegio por 10 años (Archivo Histórico Nacional (Madrid), Consejos, Libro 646, fl. 228r).

Ora ben, esta licenza nunca chegou a traducirse nunha publicación, probabelmente porque Gregorio non tiña o diñeiro necesario para pagala nin atopou quen quixese correr con eses gastos. Lonxe, pois, de toda posibilidade de chegar a unha imprenta, o manuscrito quedou entón na casa de Crecente, de onde anos despois pasou ás mans de João Salgado de Araújo, un amigo residente na veciña vila portuguesa de Monção a quen o autor llo emprestou segundo conta nunha carta do 14 de abril de 1662 o seu sobriño homónimo Gregorio de Lobariñas Feijó, que naquela ocasión se refiriu a ela como *Antigüedades de Galicia, su lengua, reyes y fundacion*. Falecido o autor ao redor de 1637, o manuscrito nunca volveu á casa porque “se levantó el reyno”, é dicir, porque en 1640 Portugal se rebelou contra Filipe IV de España (Filipe III de Portugal) para conseguir a restauración da súa independencia:

Otro [libro] avía intitulado *Antigüedades de Galicia, su lengua, reyes y fundacion*, también estaba ya aprobado, y cedula del rey para podelle imprimir. Esta está aquí en cassa, el libro lo imbió al doctor Araujoo que vivía en Monçon [...] y, como se levantó el reyno, se quedó con él, aunque acá quedó el rasguño, pero a de costar a ajustar trabajo (Biblioteca Nacional de España (Madrid), Ms. 2389, fls. 120rc-121r)⁶.

Desde logo, as similitudes entre as descrições do contido do libro que se fixeron en 1616 e 1626, que reverberan no título que o sobriño parece recompoñer de memoria en 1662, invitan a pensar, como fai tamén Ramos Rodríguez (2023, p. 59-62), que baixo eses tres títulos distintos o que hai é unha mesma obra, seguramente refundida polo autor antes de pedir por segunda vez o permiso para publicala en 1626. O mesmo fai pensar o feito de que tanto d’*As Galegadas* (1616) coma da *Historia de Galicia* (1626) se diga que estaban escritas en lingua galega, nun tempo en

⁶ Pódese ler unha transcripción desta carta en Ramos Rodríguez, op. cit., p. 249-250.

que isto era algo sumamente raro. Tristemente, hoxe non coñecemos este presumíbel texto único con tres títulos e dúas posíbeis versións (a de 1616 e a de 1626), mais por fortuna podemos facer conxecturas sobre o seu contido porque contamos cun consistente indicio achegado pola obra dunha persoa que si traballou con el e tamén co testemuño doutra persoa que manexou o que deberon de ser os seus borradores ou se cadra os materiais que Lobariñas reunira para escribilo. Este indicio e este testemuño, rescatados por José António Souto Cabo para o libro que recentemente elaboramos (Mariño Paz; Souto Cabo, 2024), permítennos afirmar que a Galicia de que se falaba n’*As Galegadas* non era o reino que resultara da independización do Condado Portucalense en 1139, senón o reino altomedieval anterior a esa secesión, que incluía o territorio portugués de Entre-Douro-e-Minho, integrado polos que na actualidade son os distritos de Braga, Porto e Viana do Castelo e parte dos de Aveiro, Viseu e Vila Real. Tratábase, por tanto, en liñas xerais, e deixando a un lado pormenores banais, do territorio ibérico noroccidental en que antigamente se constituíra a provincia romana da Gallaecia e a partir do ano 411 o reino suevo, un territorio que, despois da chegada dos musulmáns á península Ibérica en 711, permaneceu como “núcleo propiamente galaico” dun reino cristián independente que, carente dun “aparato central de Estado”, abranguía tamén “territorios antropoloxicamente non galaicos pero vinculados por lazos políticos feudais, é dicir, a porción lusitana (entre Douro e Texo), Castela e incluso o país dos vacos” (López Carreira, 2016, p. 142-144).

O testemuño explícito a que antes me referín débémollos ao portuense Manuel Pereira de Novais, que en 1632 ingresou no convento compostelán de San Martiño Pinario e en 1673 era o seu prior maior. Este beneditino escribiu unha *Anacrisis Historial* da súa cidade natal que se deu ao prelo entre 1912 e 1919 mais cuxo manuscrito está actualmente depositado na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela⁷. Segundo o mesmo Novais revela nesta obra, para elaborala manexou, entre outros materiais, diversos papeis que reunira e escribira Gregorio de Lobariñas e que el puido ler na casa do párroco da freguesía celanovesa de Pardavedra, sobriño do autor, arredor de 1680 (cf. Ramos Rodríguez, 2023, p. 140-142). Pois ben, a Galicia pola que o clérigo de Crecente se interesara neses papeis era unha Galicia “extensa”:

Tuve, assi mesmo —dicía Novais—, otros apuntamientos grandes, que copié de diversos papeles, que juntó con mucha curiosidad y erudición el licenciado don Gregorio de Lobariñas, abbad de la villa de Crescente, en el obispado de Tuy, cuyos trabajos paran oy en cassa del abbad de Par[da]vedra, cerca de la villa de Villanova de los Infantes y cerca de nuestro insigne monasterio de San Salvador de Celanova, del Orden de N. P. S. Benito —fundación de nuestro

⁷ Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, ms. 88.

grande obispo de Dumio N. P. S. Rosendo—, sobriño del dicho abbad D. Gregorio de Lobariñas, **el qual, como tractava de escribir la *Historia particular del reyno de Galicia, comprehendendo en ella a la provincia de Entre Duero y Miño, como parte muy principal del en los tiempos antiguos, como es notorio***, vio con mucho asierto y elección los archivos principales de dicho reyno y de esta provincia, y manoseó muchos papeles, que vi y me fueron de grande provecho, dándome luz de algunos obispos, que pone por praelados de nuestra ciudad, como apuntaré en sus lugares, dando a cada uno lo que es suyo, y a este auctor las gracias desta advertencia (Novais, 1916, p. 38; a énfase é miña).

O indicio ao que tamén aludín liñas arriba reside nun manuscrito nunca publicado que escribiu João Salgado de Araújo, o sacerdote de Monção a quen Gregorio Lobariñas emprestara a súa *Historia de Galicia*, segundo conta o seu sobriño na mencionada carta de 1662. Este manuscrito, hoxe depositado no Archivo Histórico Nacional de Madrid⁸, leva o revelador título de *Compendio de la verdadera y legítima nobleza y sus casas solariegas. En que se escribe la historia del reino de Galizia y comarcas de entre Duero y Miño y Tras-los-Montes desd’el principio de su primera población hasta nuestros tiempos*. Araújo, por tanto, fixo o mesmo ou algo moi parecido ao que Lobariñas fixera na obra para a que recibiu licenza de publicación en 1626: unha historia de Galicia en que se incluía o territorio da provincia de Entre-Douro-e-Minho, como Manuel Pereira de Novais explicitou na súa *Anacrisis Historial* do Porto, e tamén o de Tras os Montes. Por conseguinte, creo que contamos con indicios que nos permiten presumir que a complicidade persoal e intelectual que revela o feito de que o clérigo de Crecente lle emprestase o seu manuscrito inédito ao de Monção fai supoñer que o interese polo que fora o antigo reino de Galicia, e probabelmente tamén a convicción de que o seu legado histórico e cultural non perecera co paso do tempo, era común a ambos, ben porque Lobariñas influíu en Araújo, ben porque esta idea madurou autonomamente no universo intelectual de cada un dos dous⁹. Convén non esquecer, con todo, que a revalorización da vella cohesión de todo o noroeste ibérico desde a Gallaecia romana ata os tempos modernos tiña xa claros antecedentes no Portugal do século XVI, en que cómpre salientar, entre outras, as defensas que dela fixeron Diego de Sousa, arcebispo de Braga, e João de Barros, secretario do rei João III e autor da manuscrita *Geographia d’Entre Douro e Minho e Tras os Montes* (1548) (cf. Sánchez Tarrío, 2010).

⁸ Archivo Histórico Nacional (Madrid), Consejos, Leg. 50816/1 e 50816/2.

⁹ Que fose Araújo quen a respecto disto influíu en Lobariñas é moi improbable, xa que cando o primeiro iniciou os seus estudos sobre Galicia, arredor de 1619 (cf. Ramos Rodríguez, op. cit., p. 115), xa o segundo escribira *As Galegadas*. Admitir esa improbable influencia esixiría postular que a concepción “extensa” de Galicia non estaría na obra para a que Lobariñas pediu licenza de impresión en 1616.

2. A Historia de Yria ou Libro dos bispos de Yrea e Santiago

Só moi recentemente se puido identificar Gregorio de Lobariñas Feijó como o responsábel da copia manipulada da *Crónica de Santa María de Iria* (1467-1468) de Rui Vasques que leva estes dous títulos¹⁰ e está depositada na Biblioteca Apostólica Vaticana, onde ten a cota Barb. Lat. 3578. Esta identificación débemoslla a José António Souto Cabo (2022, p. 593-594), que reparou en que no libro titulado *Obras de Juan Rodríguez de la Cámara (ó del Padrón)* (1884), de Antonio Paz y Meliá, se apuntaba confusa e inadvertidamente a el cando se reproducía o colofón da copia da *Crónica de Santa María de Iria* que pertenceu ao escritor e historiador Aureliano Fernández Guerra:

Fin do libro dos bispos de Irea e Santiago, que *entendo composito* Juan Rodriguez do Pudia. (?) Gerg. de Couariñas fey. No ay otro papel en esta lengua en España. Es raro (Paz y Meliá, 1884, p. 397).

Segundo xa afirmaron Fidel Fita e o propio Fernández Guerra (1880, p. 39), este manuscrito que posuíu o segundo deles contiña un traslado da *Crónica de Santa María de Iria* que realizou no primeiro terzo do século XVII a mesma man que escribiu o que está depositado na Biblioteca Apostólica Vaticana¹¹. Agora podemos engadir a isto que esa man non foi outra que a de Gregorio de Lobariñas Feijó, que é a persoa a quen con certeza correspondía o nome que atrapalladamente transcribiu Paz y Meliá (“Gerg. de Couariñas fey”). Así o veu probar o estudo grafolóxico realizado en 2021 pola empresa *Dehistoria*, en que tras confrontar a letra da *Historia de Yria* coa de dous manuscritos de Lobariñas se concluíu que “el escriba del texto C [a *Historia de Yria*] es sin lugar a dudas el mismo que escribió el texto A y el texto B, es decir, por lo tanto, no cabe duda de que el autor del texto C es Gregorio de Lovariñas” (apud Mariño Paz; Souto Cabo, 2024). Ademais, esta identificación encontrou aínda un sólido apoio suplementario na análise lingüística da *Historia*, que demostrou que o que nela fixo o clérigo de Crecente foi, en esencia, modernizar a lingua da *Crónica de Santa María de Iria* adaptándoa con enorme fidelidade ao que con garantías podemos postular como propio da variedade de galego que se falaría na súa comarca natal no tempo da súa vida¹². Esta intervención explicámola detalladamente na obra antes

¹⁰ O primeiro aparece na marxe superior do folio 1r; o segundo, no colofón (fl. 18v).

¹¹ Tratábase probabelmente dunha copia do manuscrito da Biblioteca Apostólica Vaticana feita polo propio Gregorio de Lobariñas, como mostrou Souto Cabo (cf. Mariño Paz; Souto Cabo, op. cit.).

¹² Podemos compoñer unha fiábel reconstrución desta variedade establecendo non só puntos de referencia medievais (cf., por exemplo, ÁLVAREZ, Rosario; XOVE, Xosé. Lingua e variación dialectal na Crónica Xeral Galega. In: KREMER, Dieter (Ed.). Homenaxe a Ramón Lorenzo. Vigo: Galaxia, 1998. vol. 1, p. 29-58) e modernos (cf. INSTITUTO DA LINGUA GALEGA. Atlas lingüístico galego. Vol. 1: Morfoloxía verbal. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de

citada, de modo que aquí me limitarei a mostrar na Táboa 1 como se materializou nunha breve pasaxe, resaltando con letra grosa as mudanzas máis importantes que nela introduciu Lobariñas¹³:

la Maza, 1990; INSTITUTO DA LINGUA GALEGA. Atlas lingüístico galego. Vol. 2: Morfoloxía non verbal. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1995; e INSTITUTO DA LINGUA GALEGA. Atlas lingüístico galego. Vol. 3: Fonética. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1999), senón tamén tirando preciosos datos de diversos textos de entre finais do século XVI e 1671 que se escribiron en lugares próximos a Crecente ou non moi distantes desta vila: a correspondencia en galego enviada ao señor de Gondomar (1596-1619) (cf. ÁLVAREZ, R.; RODRÍGUEZ MONTEDEERRAMO, X. L. Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626). Boletín da Real Academia Galega, 365, p. 253-291, 2004 (I); Boletín da Real Academia Galega, 366, p. 225-303, 2005 (II)), o entremés *A contenda dos labradores de Caldelas* (1671) de Gabriel Feijó de Araújo (cf. MARIÑO PAZ, R. Edición do Entremés famoso sobre a pesca do río Miño (1671). Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do Norte de Portugal, 1, s.p., 1997; e LORENZO, R. Unhas notas sobre o Entremés famoso sobre da pesca do río Miño. In: PÉREZ VAQUERO, C. (coord.). Miño, o río das letras. [Vigo]: Asociación de Amigos do Couto Mixto / GaleguizarGalicia, 2019. p. 16-31), o *Diálogo de Alberte e Bieito* (ca. 1595-1596) (cf. ÁLVAREZ, R.; RODRÍGUEZ MONTEDEERRAMO, X. L. O Diálogo de Alberte e Bieito. Dramaturxia, elites letradas e escrita en galego a fins do século XVI. Boletín da Real Academia Galega, 363, p. 241-305, 2002) e a *Historia de don Servando* ca. 1625-1637) (cf. ÁSOUTO CABO, J. A. (Ed.). A historia de Don Servando. Estudo e edición de José António Souto Cabo. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral - Seminario de Estudos Galegos - Edición do Castro, 2007). Por se isto non fose xa moito, podemos contar tamén coa inestimábel axuda dos datos tomados por José Leite de Vasconcellos entre finais do século XIX e principios do XX en lugares do norte de Portugal moi próximos a Crecente ou mesmo veciños del, como Melgaço, Castro Laboreiro, Monção, Paredes de Coura, Arcos de Valdevez ou Ponte da Barca (cf. VASCONCELLOS, F. L. de. Opúsculos. Vol. II. Dialectología. Coimbra: Imprensa da Universidade, 1928; e VASCONCELLOS, F. L. de. Opúsculos. Vol. VI. Dialectología (Parte II). Organizado por Maria Adelaide Valle Cintra. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1985).

¹³ Estes fragmentos dos textos, como tamén os que cito máis abaixo, están tomados das edicións que deles fixemos en Mariño Paz; Souto Cabo, op. cit.

Táboa 1. Intervención lingüística de Gregorio de Lobariñas nun fragmento da Crónica de Santa María de Iria.

Crónica de Santa María de Iria (fls. 3rb-3va) (séc. XV)	Historia de Yria (fls. 4r-4v) (séc. XVII)
<p>Por revelaçon foy algũus homes et personas de grande auctoridade demostrado: et apertamente viian grandes lumes de candeas arder de noyte et de dia en hũu monte muy espeso de muytas arvores et silvas, a oyto milias de Yria, et que non se apagavan de dia [nin] de noyte. Et mays, que oyan ende continuamente grandes cantares de angeos. Os quaes se foron ao dito obispo et lle contaron a dita vison. O qual, quando oyeu, foy muy maravillado [...]. Et, porla graça de Deus [...] o dito /o/bispo por sy meesmo vio as ditas candeas luminarias et oyeu os ditos cantares angelicaes. Et, porla graça de Deus, entrou enna espesidũe do monte et achou hũa casulla pequena de arcos de marmores et dentro hũa tunba de moymento moy bóo. A qual asy achada, dou muytas graças a Deus et lançouse en oraçon et en jajũu. [...] Et enton o dito obispo foyse a el rey don Afonso o Casto por sy meesmo et disolle todo [...]. Et el rey, quando esto oeu, ouvo gran gozo et alegria porlo señor Deus tener por ben de illuminar toda Espana por tan glorioso et preçado thesouro. Et, con grant reverencia, veeo en romaria...</p>	<p>Por reuelaçon foi a alguns homes e presoas de grande autoridade demostrado, e auertamente vian grandes lumes de candeas arder noite e dia nun monte mui espeso de muitas arbores e siluas oito millas de Yrea, e que non se apagauan de dia nen de noite. E mais que ouuian ende continuamente grandes cantares de anjos. Os quais se foron ao dito bispo e lle contaron a dita viseon. O cal quando o oyu foi mui marauillado [...] E po la gracea de Deus [...] o dito bispo por si mismo viu as ditas candeas luminareas y oyu os ditos cantares e po la gracea de Deus entrou ena espesidue do monte y achou vna casiña pequena de arcos de marmores, e dentro vna tumba de moimento mui bo. A qual asi achada, deu muitas graceas a Deus e lançouse en oraçon y en jejun [...]. Y enton o dito bispo foise al rey don Alfonso o Casto por si mismo e dixolle todo. [...] El rey, quando isto oyu, ouuo gran gozo y alegria po lo Señor Deus ter por ben de ilumear toda España por tan gro[r]eoso e preceouso tesouro. E con gran reuerencia ven en romeria...</p>

Fonte: elaboración propia.

Creo que para entender, polo menos en parte, por que Lobariñas actuou desta maneira hai que considerar que fixo este traslado despois de escribir en galego *As Galegadas* antes de 1616 e probabelmente, como decontado imos ver, moi pouco despois de facer algo antes de 1626 unha refundición desta mesma obra, que debeu de ser a que nese ano recibiu o permiso de publicación do Consejo Real de Castilla co título de *Istoria de Galicia*. Por tanto, cando fixo este seu persoal traslado da *Crónica de Santa María de Iria* o sacerdote de Crecente debía de estar instalado nunha práctica escrituraria en galego á que se debeu de acoller tamén para tal encomenda, moi lonxe, por tanto, de toda intención de actuar como un esforzado e fiel copista daquel papel antigo. Talvez actuase así movido por unha certa vontade de estilo, talvez o fixese simplemente porque lle resultaba máis cómodo utilizar o galego do seu tempo, no que ademais xa escribira tamén recentemente. Non sei con certeza por que o fixo. Non podó facer aquí outra cousa que non sexa lanzar estas hipóteses.

Ora ben, con non ser pouco, a intervención do comisario da Inquisición sobre o texto do século XV non se limitou a isto, senón que foi moito máis alá porque chegou a manipulalo para facelo pasar por obra non dun entón descoñecido sacerdote do século XV chamado Rui Vasques, senón do xa daquela afamado escritor Xoán Rodríguez de Padrón (ca. 1390 - ca. 1450). Actuou así, presumibelmente, coa intención de realzar a importancia da obra “copiada”, que, como se indica nunha das follas preliminares do manuscrito, foi enviada a Tomás Tamayo de Vargas (1588-1641)¹⁴, Cronista Real de Castela a quen a igrexa de Santiago encargara un memorial en que se defendese a causa de Santiago como único patrón de España na entón acesa polémica sobre se esa condición debería compartila ou non o apóstolo con santa Teresa de Jesús. Como en decembro de 1627 Tamayo estaba a redactar ese *Memorial a su magestad en nombre de la Iglesia de Santiago i del clero de las de España por el único patronato del Apostol Sanctiago* (cf. Candelas Colodrón, 2007, p. 112), que se publicou en 1628, creo sensato pensar que Lobariñas debeu de facer o seu traslado da *Crónica de Santa María de Iria* en 1627 ou non moito antes de 1627¹⁵.

Como mostro na Táboa 2, a referida manipulación esixiulle, en primeiro lugar, a substitución do colofón en que se dicía que a *Crónica* fora escrita entre 1467 e 1468 polo sacerdote Rui Vasques por outro en que se atribuíu Xoán Rodríguez de Padrón, unha figura que polo seu prestixio podería adornar de gran valor o testemuño dunha obra con que se quería apoiar a causa santiaguista na polémica polo padroado de España:

¹⁴ En efecto, na segunfa folla preliminar do manuscrito depositado na Biblioteca Apostólica Vaticana lese o seguinte: “De Ecclesia Beatæ Mariæ Virginis / de Yria / In Diocesi Bracarenis / Ex Bibliotheca Compostellanæ / Ecclesiæ habuit / Dominus Thomas Tamaio de Vargas / Historiographus Regius”.

¹⁵ En cumprimento dunha das medidas precautorias dispostas pola Inquisición no decurso do proceso xudicial que o enfrontou a Antonio Rodríguez, entre 1623 e 1627 Lobariñas estivo en Santiago de Compostela en diversas ocasións e por períodos de tempo máis ou menos prolongados (cf. Ramos Rodríguez, op. cit., p. 188-213). Por tanto, neste tempo tivo moi á man o orixinal autógrafa da *Crónica de Santa María de Iria*, obra de Rui Vasques, que se encontra no arquivo da catedral de Santiago.

Táboa 2. Substitución do colofón da Crónica de Santa María de Iria.

Crónica de Santa María de Iria (fl. 14vb) (séc. XV)	Historia de Yria (fl. 18v) (séc. XVII)
<p>Quinta-feyra, a viinte et tres dias do mes de abril, ano de LXVII, escripveu Ruy Vaasques este «Flos Santorum» enna torre nova de Fernan Rodrigues de Leyra, juiz de Vellestro e coengo de Santiago. Et foy acabado a viinte e nove dias do mez de março, ano Domini millesimo, CCCC sessagessimo oytavo. E porque he certo firmey aqui de meu nome: Ruy Vaasques, clerigo de Santa Vaya de Chacin.</p>	<p>Fin do Libro dos bispos de Yrea e Santiago, que entendo compo Jan Rodriguez do Padron.</p>

Fonte: elaboración propia.

Ademais, dado que daquela se sabía que Rodríguez de Padrón morrera arredor de 1450, na marxe esquerda do folio 1r Lobariñas escribiu unha nota que situaba a composición da *Crónica* en 1444 (“Fue año 1444 en que se escribió esta Historia”) e omitiu a narración dos sucesos de entre 1459 e 1468 que se encontraba entre os folios 3va e 4rb do manuscrito de Vasques.

Convén non esquecer que o racioneiro e inquisidor de Crecente fixo isto nun tempo e nun espazo en que proliferaron as falsificacións da historia feitas adoito con intereses relixiosos diversos, como ben advertiu Caro Baroja (1992, p. 97) nun esclarecedor traballo sobre este tema: “De fines del siglo XVI a mediados del XVII, se da en España una peculiar efervescencia en lo de inventar textos históricos. Los falsarios [...] se hallaban dominados por intereses religiosos en esencia”. Certamente, a relación de Lobariñas cos irmáns Fernández de Boán (cf. Mariño Paz; Souto Cabo, 2024) sitúao no principal círculo de falsarios da Galicia do seu tempo e axuda a comprender que a disposición mental con que realizou o traslado do manuscrito da *Crónica de Santa María de Iria* non lle inspiraría ningún tipo de escrúpulo á hora de intervir nin sobre os contidos e o colofón da crónica catrocentista nin, menos aínda, sobre a lingua con que esta estaba escrita.

Nesta defensa da causa santiaguista revélase unha nova complicidade intelectual e persoal entre Gregorio de Lobariñas e João Salgado de Araújo, xa que este publicou en 1629 un *Memorial, información y defensa apologetica del patronato de España por el apóstol Santiago*¹⁶ en que, reveladoramente, tamén se facía unha defensa do reino de Galicia anterior á independencia do Condado Portucalense: “Porque Galizia antiguamente se dividía de la Lusitana por el río Duero, antes que uviesse Portugal”.

¹⁶ Pódese consultar na Biblioteca de Castilla-La Mancha de Toledo, onde leva a cota F. A., 1-3329(6).

3. O presumíbel galego extenso de Gregorio de Lobarriñas Feijó

Sabemos, pois, que antes de 1616 Gregorio de Lobarriñas escribiu “en lingua gallega”, como el mesmo afirmou na solicitude de licenza de publicación que aquel ano presentou ao Consejo Real de Castilla, unha obra titulada *As Galegadas* que contiña unha historia dun reino de Galicia que non era o do tempo en que el vivía, é dicir, o que resultara da independización do Condado Portucalense en 1139, senón o reino de Galicia extenso que existía antes de que houberese reino de Portugal. Ademais, podemos conxecturar con bastante fundamento que esta obra debeu de ser sometida a unha refundición antes de que en 1626 o autor solicitase de novo para ela unha licenza de publicación que daquela si conseguiu. Esta probábel refundición debeu de incluír a mudanza do seu título, que pasaría a ser o de *Historia de Galicia*, mais non o da lingua en que estaba escrita, que seguía sendo, en palabras que tomo do censor de 1626, a “lengua propia y natural gallega” de Lobarriñas. Moi probablemente, polas razóns que máis arriba aducín, esta obra era tamén a mesma que nunha carta de 1662 o seu sobriño Gregorio presentou como *Antigüidades de Galicia, su lengua, reyes y fundacion*, cun título —seguramente distinto do que figuraría no manuscrito que o seu tío deixara ao morrer— en que, facendo un esforzo de memoria e síntese, declaraba os contidos principais daquel libro que ao final se perdeu sen nunca chegar á imprenta.

Por este título rememorado en 1662 sabemos que naquel manuscrito o galego era non só o instrumento lingüístico utilizado para escribir, senón tamén un dos seus obxectos de estudo. Cabe preguntarse, entón, tanto pola forma que ese galego tería como pola visión que del se transmitiría naquelas follas desventuradamente perdidas. Comezarei pola segunda destas cuestións e terminarei referíndome á primeira.

Dado que o reino de Galicia de que nesta obra se trataba era, segundo Manuel Pereira de Novais deixou dito, un reino que incluía “la provincia de Entre Duero y Miño, como parte muy principal del en los tiempos antiguos”, cabe inferir que nas páxinas en que o seu autor falaba de “su lengua” trataría dunha lingua que fose propia de todo ese territorio, de todo ese antigo reino, é dicir, de todo o noroeste ibérico galego e portugués. Sen dúbida, a ben coñecida existencia dun *continuum* lingüístico romance que desde tempos remotos se estendía por todo ese espazo ibérico noroccidental achandaba o camiño que podía propiciar a maduración deste concepto amplo do idioma galego, especialmente se a persoa que o facía se entregaba á defensa da antigüidade e o valor dun reino de Galicia que abrangía o Portugal setentrional, o Portugal “galaico”. De feito, unha aproximación a este concepto amplo da lingua galega —brevisima e superficial, certamente— xa fora posta por escrito por João de Barros, secretario de D. João III de Portugal, quen na súa manuscrita *Geographia d’Entre Douro e Minho e Tras os Montes* (1548) fixo unha exaltación da

rexión setentrional portuguesa en que subliñaba a súa antiga pertenza á Gallaecia romana e os fortes e vellos lazos históricos que a unían á Galicia contemporánea, salientando ademais que tiña unha “fala mui semelhante à fala dos galegos”, que el puido coñecer de primeira man porque fixo unha viaxe a Santiago de Compostela (cf. Barros, 1919, p. 26-27 e Sánchez Tarrío, 2010, p. 187-188). Por tanto para João de Barros, como tamén presumibelmente para Gregorio de Lobariñas varias décadas máis tarde, Galicia e as rexións portuguesas de Entre Douro e Minho e Tras os Montes formaban unha unidade cohesionada desde antigo en que, a pesar dos avatares políticos que se viñeran sucedendo desde o século XII, se falaba unha lingua que aínda era esencialmente *unha* no XVI e no XVII. A esa lingua galego-portuguesa o clérigo crecentino chamoulle “gallega” en 1616, seguramente porque ese adxectivo era o único que cadraba co corónimo *Galizia*, que foi o que el utilizou na solicitude de licenza que presentou aquel ano e en definitiva o que adoptou para se referir a unha unidade territorial que, como Pereira de Novais advertiu, abrangía o norte de Portugal.

A perda dos manuscritos e borradores desa historia de Galicia impídenos saber como era o galego en que estaba escrita, mais, polas razóns que anteriormente aleguei, coído que é sensato supoñer que non se afastaría moito do que o seu autor empregou na copia manipulada da *Crónica de Santa María de Iria* que fixo ao redor de 1627. Debía de tratarse, por tanto, dun galego que tomaría como referente principal a variedade diatópica da súa comarca natal, con algunhas pinceladas popularizantes (*siguia* ‘seguía’, *endino* ‘indigno’...), con certos castelanismos que ás veces serían xa comúns entre os galegofalantes e ás veces máis ben explicábeis pola súa persoal formación académica (*canónegos* ‘cóengos’, *a costume* ‘o costume’, *segun* ‘segundo’...) e tamén con algunhas restauracións descastelanizantes (*bispo* e non *obispo*, *embeja* e non *envidia*...) inspiradas por un purismo lingüístico que nalgunhas ocasións o conduciu á creación de pseudogaleguismos (*toudos* por *todos*, *ecresiástega* por *eclesiástica*...) ¹⁷.

Todo o coñecemento histórico que ata o día de hoxe se foi construíndo na tradición dos estudos lingüísticos galegos e portugueses nos move a pensar, sen dúbidas, que aquela variedade diatópica seiscentista das terras de Crecente se diferenciaría moi pouco das de Melgaço ou Monção e non moito máis das faladas en comarcas interamnenses e transmontananas algo máis distantes. Dáse ademais a circunstancia de que Gregorio de Lobariñas, nado por volta de 1577 e falecido arredor de 1637, viviu desde os seus tres anos ata a súa morte nun tempo en que o territorio veciño situado ao sur do río Miño e o Crecente e a Galicia onde el nacera e residía tiveron os mesmos reis, un tempo en que Portugal, como Castela e Aragón, foi un territorio dominado polos Austrias españois. Esta conxuntural circunstancia creou un escenario

¹⁷ Explicamos detalladamente a intervención lingüística de Gregorio Lobariñas sobre a *Crónica de Santa María de Iria* de Rui Vasques en Mariño Paz; Souto Cabo, op. cit.

que durante unhas décadas favorecería unha polo menos incipiente extensión da sensación de que os veciños que vivían ao sur do río Miño e da raia seca ourensá, ademais de falaren a mesma lingua ca os galegos, xa non eran para eles estritamente estranxeiros, distintos, “outros”. Lobariñas, probabelmente, nunca viu un completo estranxeiro no seu amigo João Salgado de Araújo, de Monção, pois compartía con el rei, historia (a común historia do antigo reino de Galicia), territorio e lingua.

Certamente, nun tempo en que tantos autores portugueses, entre eles o mesmo Araújo e tamén Manuel Pereira de Novais, escribiron e publicaron en castelán, a actitude e o proceder de Gregorio de Lobariñas Feijó chaman poderosamente a atención, porque é evidente que entre os eruditos portugueses de entón tería moitos lectores da súa *Historia de Galicia* aínda que a escribise, coma o resto da súa obra, en castelán.

Referencias bibliográficas

ÁLVAREZ, R.; RODRÍGUEZ MONTEDEERRAMO, X. L. O Diálogo de Alberte e Bieito. Dramaturxia, elites letradas e escrita en galego a fins do século XVI. Boletín da Real Academia Galega, 363, p. 241-305, 2002. Dispoñíbel en: <https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/BRAG/article/view/231>. Acceso en: 19 nov 2024.

ÁLVAREZ, R.; RODRÍGUEZ MONTEDEERRAMO, X. L. Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626). Boletín da Real Academia Galega, 365, p. 253-291, 2004 (I). Dispoñíbel en: <https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/BRAG/article/view/259/259>. Acceso en: 19 nov 2024; Boletín da Real Academia Galega, 366, p. 225-303, 2005 (II). Dispoñíbel en: <https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/BRAG/article/view/270>. Acceso en: 19 nov 2024.

ÁLVAREZ, R.; XOVE, X. Lingua e variación dialectal na Crónica Xeral Galega. In: KREMER, Dieter (Ed.). Homenaxe a Ramón Lorenzo. Vigo: Galaxia, 1998. vol. 1, p. 29-58.

BARROS, J. de. Coleção de manuscritos inéditos agora dados à estampa. V. Geographia d'Entre Douro e Minho e Tras os Montes. Porto: Tipografia Progresso de Domingos Augusto da Silva, 1919 [1548].

BOUZA, F. Dar Galicia y el gallego a la imprenta. As Galegadas y A História de Galicia de Lobariñas Feijoo, la Verdadera descripción de Ojea y algunas iniciativas historiográficas de la primera mitad del siglo XVII. Obradoiro de Historia Moderna, 18, p. 9-44, 2009. Dispoñíbel en: <https://revistas.usc.gal/index.php/ohm/article/view/454>. Acceso en: 19 nov 2024.

CANDELAS COLODRÓN, M. Á. Los escritos del Arzobispo de Santiago, de Fray Pedro de la Madre de Dios y el papel titulado Justa cosa, justa cosa ha sido elegir por patrona de España y admitir por tal a Santa Teresa, en el Memorial por el Patronato de Santiago de Quevedo. Boletín de la Biblioteca de Menéndez Pelayo, 83, p. 111-128, 2007. Dispoñíbel en : <https://publicaciones.sociedadmenendezpelayo.es/BBMP/article/view/378>. Acceso en: 19 nov 2024.

- CARO BAROJA, J. Las falsificaciones de la Historia (en relación con la de España). Barcelona: Seix Barral, 1992.
- FITA, F.; FERNÁNDEZ GUERRA, A. Recuerdos de un viaje á Santiago de Galicia. Madrid: Lezcano y Compañía, 1880.
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA. Atlas lingüístico galego. Vol. 1: Morfoloxía verbal. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990.
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA. Atlas lingüístico galego. Vol. 2: Morfoloxía non verbal. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1995.
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA. Atlas lingüístico galego. Vol. 3: Fonética. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1999.
- LÓPEZ CARREIRA, A. Historia de Galicia. 3ª ed. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2016.
- LORENZO, R. Unhas notas sobre o Entremés famoso sobre da pesca do río Miño. In: PÉREZ VAQUERO, C. (coord.). Miño, o río das letras. [Vigo]: Asociación de Amigos do Couto Mixto - GaleguizarGalicia, 2019. p. 16-31. Dispoñíbel en: <https://galeguizargalicia.gal/publicacions/mino-o-rio-das-letras/>. Acceso en: 19 nov 2024.
- MARIÑO PAZ, R. Edición do Entremés famoso sobre a pesca do río Miño (1671). Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do Norte de Portugal, 1, s.p, 1997.
- MARIÑO PAZ, R.; SOUTO CABO, J. A. De Rui Vasques a Gregorio de Lobariñas Feijó. Venturas e desventuras do Libro dos bispos de Yrea e Santiago. Madrid: Sílex, 2024.
- NOVAIS, M. P. de. Colecção de manuscritos inéditos agora dados à estampa. IV. Anacrísis Historial (II parte). Episcopologio. Porto: Tipografia Progresso de Domingos Augusto da Silva, 1916.
- PAZ Y MELIÁ, A. Obras de Juan Rodríguez de la Cámara (ó del Padrón). Madrid: Miguel Ginesta - Sociedad de Bibliófilos Españoles, 1884.
- RAMOS RODRÍGUEZ, P. Os Lobariñas Feixoo. Luz e memoria nos Séculos Escuros. Allariz: Aira, 2023.
- SÁNCHEZ TARRÍO, A. M. Memoria e intencionalidade na transmissão humanística de material epigráfico. A propósito de uma inscrição da Gallaecia na Geographia do Dr. João de Barros (CIL II, 2422). Sylloge epigraphica Barcinonensis, VIII, p. 153-178, 2010. Dispoñíbel en: <https://www.raco.cat/index.php/SEBarc/article/view/254766>. Acceso en: 19 nov 2024.
- SOUTO CABO, J. A. (Ed.). A história de Don Servando. Estudo e edizón de José António Souto Cabo. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral - Seminario de Estudos Galegos - Edicións do Castro, 2007.
- SOUTO CABO, J. A. Aparecerá porla presente escriptura até o tempo en que somos. Ainda sobre a Crónica de Santa María de Íria. In: PICHEL, Ricardo (Ed.). “Tenh’eu que mi fez el i mui gran ben”. Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, 2022. p. 591-644.
- VASCONCELLOS, J. L. de. Opúsculos. Vol. II. Dialectologia. Coimbra: Imprensa da Universidade, 1928.

VASCONCELLOS, J. L. de. Opúsculos. Vol. VI. Dialectologia (Parte II). Organizado por Maria Adelaide Valle Cintra. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1985.